



BASES PARA A CONCESIÓN DE AXUDAS Ó TRANSPORTE DO ALUMNADO UNIVERSITARIO E DE CICLOS DE FORMACIÓN DESTE MUNICIPIO CORRESPONDENTES Ó CURSO ACADÉMICO 2023/2024.

1º.-OBJECTO

As presentes bases teñen por obxecto rexer o concurso para a concesión de axudas para os gastos de transporte público ás distintas universidades do alumnado universitario empadroado no Concello de Monforte de Lemos, así como os do alumnado de ciclos medio e superior de Formación Profesional e bacharelato que teñan que desprazarse fóra do Concello de Monforte de Lemos, por non existir oferta formativa do ciclo ou bacharelato elixido neste municipio, ou non ter obtido praza na oferta local no curso.

2º.-CONTÍAS

A contía das axudas fíxase en 25.000,00 € para os gastos de transporte do curso 2023/2024 (período de setembro do 2023 a xullo do 2024), con cargo aos créditos consignados na aplicación 326.480.01 do Orzamento Xeral Municipal para o exercicio 2023.

En todo caso, o importe total das axudas non poderá superar o importe máximo dos créditos habilitados ao efecto no orzamento municipal.

3º.-DESTINO

Atender os gastos de transporte público do curso 2023/2024 do seguinte alumnado:

1. Alumnado de ensinanzas universitarias adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior conducentes a títulos oficiais de Grao e ensinanzas universitarias conducentes a títulos de Licenciados ou Diplomados, empadroado no concello de Monforte de Lemos.
2. Alumnado de ciclos medio e superior de Formación Profesional e bacharelato empadroado no Concello de Monforte de Lemos que teña que desprazarse fóra do termo municipal, por non existir oferta do ciclo formativo neste municipio ou non ter obtido praza na oferta local no curso.

4º.- BENEFICIARIOS

1. Alumnado de ensinanzas universitarias adaptadas ao Espazo Europeo de Educación Superior conducentes a títulos oficiais de Grao e ensinanzas universitarias conducentes a títulos de Licenciados ou Diplomados, empadroado no concello de Monforte de Lemos.
2. Alumnado de ciclos medio e superior de Formación Profesional e bacharelato empadroado no Concello de Monforte de Lemos que teña que desprazarse fóra do termo municipal, por non existir oferta do ciclo formativo neste municipio ou non ter obtido praza na oferta local no curso.
3. No caso dos menores se entenderá como beneficiario o pai, nai, titor/a ou persoa encargada da garda e custodia do alumno/a.

5º.-REQUISITOS

Os/as interesados/as en participar no presente concurso, deberán xustificar documentalmente a concorrencia dos seguintes requisitos:

1. Estar empadroados no Concello de Monforte no período inmediatamente anterior á presentación da solicitude.
2. Demostrar documentalmente estar matriculado no curso 2023/2024 para os solicitantes da subvención en calquera universidade, ciclo de formación ou bacharelato.
3. Estar ó corrente das súas obrigas tributarias (Administración Estatal, Autonómica e Local) e coa seguridade social, na data de presentación da solicitude para o que deberán presentar declaración xurada.
4. Non estar incurso en ningunha das prohibicións da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

Os solicitantes deberán reunir todos os requisitos fixados a data de finalización do prazo de presentación de solicitudes.



Estas axudas serán compatibles coas concedidas por outras administracións ou entidades privadas sempre e cando o importe total das axudas non supere o gasto total.

6º. SOLICITUDE E DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR.

As instancias para participar neste concurso atópanse a disposición dos/as interesados/as na páxina web municipal www.monfortedelemos.es e na Base de Datos Nacional de Subvencións.

Ditas solicitudes poderán presentarse no rexistro xeral do Concello ou, no seu caso, nos rexistros e oficinas a que se refire o artigo 38.4 da Lei 30/1992, de 26 de novembro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e de Procedemento Administrativo Común, dende a publicación da convocatoria no BOP e ata o 27 de outubro de 2023.

A esta solicitude deberá achegarse a documentación pola orde que se sinala a continuación (Anexo I e Anexo II):

- 1) Solicitude de axuda para o transporte para o que se pida a subvención .
- 2) Fotocopia do DNI do solicitante e do alumno no caso de que o alumno sexa menor de idade.
- 3) Libro de Familia no caso de solicitarse a axuda para un menor de idade.
- 4) Fotocopia de matrícula universitaria, matrícula do ciclo de formación ou bacharelato para o curso 2023/2024.
- 5) Fotocopia da condición de discapacitado dos membros da unidade familiar, recoñecidos pola administración competente, de ser o caso.
- 6) Certificado de Empadramento colectivo da unidade familiar.
- 7) Fotocopiada declaración da renda correspondente ao exercicio 2022 dos membros da unidade familiar que estivesen obrigados a iso, ou na súa falta, certificación negativa de non realizar dita declaración expedida pola Delegación de Facenda.
- 8) No caso de que existise situación de desemprego, certificación de alta como desempregado expedida polo organismo competente e da percepción ou non de prestación no caso dos desempregados e se se estivese recibindo unha pensión en calquera das súas modalidades (xubilación, viuvez, invalidez, etc.), certificación expedida pola Tesouraría da Seguridade Social.
- 9) Declaración xurada do solicitante de que se atopa ao corrente nas obrigas tributarias (Administración Estatal, Autonómica e Local) e da Seguridade Social.
- 10) Certificado dos datos bancarios do beneficiario (expedido pola entidade bancaria).

Esta Corporación poderá comprobar directamente, polos medios que estime oportunos, a situación familiar e económica dos adxudicatarios deste concurso, entendéndose que se as circunstancias alegadas non fosen certas, aplicará o réxime de infraccións e sancións administrativas recollido no título IV da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

7º.-CRITERIOS APLICABLES:

Para a determinación do importe da subvención, teranse en conta a **renda per cápita anual e a situación laboral** dos membros da unidade familiar.

1. RENDA PER CAPITA:

1.a) Entenderase por unidade familiar :

- A nai e o pai, titor ou persoa encargada da garda e protección do menor.
- O solicitante e os irmáns solteiros menores de 25 anos que convivan no domicilio familiar.
- Os/as fillos/as maiores de idade incapacitados xudicialmente suxeitos á patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
- Os/as fillos/as maiores de dezoito anos discapacitados cun grao de discapacidade superior ao 33 por cento.

A determinación dos membros da unidade familiar realizarase atendendo á situación existente na data do remate de prazo de presentación de solicitudes.



1.b) Tomarase o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas do exercicio anterior a aquel en que dea comezo o curso escolar que se subvenciona, no cal se pretenda que produza efectos, de cada un dos membros da unidade familiar, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, calculadas segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas.

O importe dos ingresos totais da unidade familiar será acreditado, mediante a presentación das copias certificadas pola Administración tributaria das declaracións do IRPF ou a certificación de ingresos das persoas que non presentasen as declaracións do IRPF.

1.c) O importe anterior dividirase polo número de membros computables da unidade familiar, que será a renda per cápita familiar e puntuarase de acordo co seguinte baremo:

Ata 3.000,00 €/anuais	10 ptos
3001 a 5.000,00 €/anuais	9 ptos
5.001 a 7.000,00 €/anuais	8 ptos
7.001 a 12.000,00 €/anuais	7 ptos

Quedarán excluídas aquelas rendas per cápita familiares superiores a 12.000,00€.

2.SITUACIÓN LABORAL:

A puntuación pola situación laboral dos proxenitores do solicitante obterase segundo o seguinte baremo:

No caso de que un dos proxenitores se atope en situación de desemprego e perciba prestación, (deberá acreditarse debidamente): 1 punto.

No caso de que un dos proxenitores se atope en situación de desemprego, e non perciba prestación (deberá acreditarse debidamente): 3 puntos.

No caso de que ambos os proxenitores se atopen en situación de desemprego e perciban prestación (deberá acreditarse debidamente): 2 puntos.

No caso de que ambos os proxenitores se atopen en situación de desemprego e non perciban prestación (deberá acreditarse debidamente): 5 puntos.

Realizados os anteriores cálculos procederase á suma da puntuación obtida e á asignación do importe da subvención tendo en conta a cantidade solicitada e de acordo coas seguintes cantidades máximas:

15 ptos o 100% do importe solicitado, ata un máximo de 600€.

14 a 11 ptos..... o 65% do importe solicitado, ata un máximo de 400€.

10 a 8 ptos..... o 50% do importe solicitado, ata un máximo de 300€.

7 ptos..... o 35% do importe solicitado, ata un máximo de 200€.

No caso de que se supere o importe fixado no orzamento municipal a porcentaxe ou importe establecida reducirase proporcionalmente tendo en conta o número de solicitudes presentadas.

7º.- PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

O prazo de presentación de solicitudes será dende o día seguinte á publicación do extracto das bases no Boletín Oficial da Provincia e ata o 27 de outubro de 2023.

8º.ÓRGANO INSTRUCTOR

Esta función corresponderá á persoa responsable do expediente da área de Ensino.

Será o competente para comprobar que a xustificación presentada é conforme ós requisitos esixidos nas presentes bases, así como, para a comprobación da realización das actividades subvencionadas e polo tanto o cumprimento da finalidade que determina a concesión da subvención.



O órgano instrutor emitirá un informe co resultado da súa avaliación que remitirá á comisión de Valoración.

9º.-COMISIÓN DE VALORACIÓN E SELECCIÓN.

Á vista do informe do órgano instrutor procederá á valoración das solicitudes presentadas e emitirá unha proposta de Resolución na que figurará a relación de persoas beneficiarias indicando as contías que se propoñen conceder e a relación de solicitudes desestimadas debidamente motivadas.

Se a documentación é correcta constituirase unha Comisión de Valoración e Selección formada por:

Presidenta:

A Concelleira de Ensino.

Vogais:

Un funcionario ou persoal laboral da Área de Xuventude ou Deportes.

Un funcionario da Intervención Municipal.

Secretario:

Un funcionario da Concellería de Cultura.

Constituída validamente a citada Comisión, procederá a examinar, comprobar e verificar a documentación presentada, elaborando, para ese efecto, unha relación das axudas a conceder e denegar conforme aos requisitos expostos nas bases que elevará ao órgano competente a relación definitiva de aspirantes á concesión da axuda.

10º.- CONCESIÓN

Unha vez ditada a proposta de Resolución pola Comisión de Valoración, remitirase á Intervención Municipal para que se proceda á fiscalización previa á adopción do acordo de Concesión pola Xunta de Goberno Local.

A Xunta de Goberno Local á vista da proposta emitida pola Comisión de Valoración e Selección, acordará a concesión das axudas de transporte.

En todo caso o expediente quedará resolto antes do fin do exercicio en curso.

11º. RÉXIME DE PAGAMENTO.

En aplicación do disposto no artigo 34.4 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións e dada a natureza desta subvención concederanse pagos a conta que responderán ó ritmo de execución da actividade subvencionada abonándose a contía que corresponda ó importe da axuda concedida antes do 31 de decembro do 2023.

12º XUSTIFICACIÓN

O prazo para presentar a xustificación conforme ao disposto nos parágrafos seguintes será ata o 31 de xullo de 2024.

Para percibir estas axudas os beneficiarios deberán presentar os seguintes documentos: billetes ou bonos do medio de transporte público utilizado no que consten, de forma lexible, a data do billete ou bono, o percorrido e o importe da viaxe ou factura da empresa de transporte utilizado. O percorrido referirase ó transporte dende Monforte ata o lugar no que se realice o curso, calquera variación na ruta seguida deberá explicarse na xustificación (Anexo III).

Non se admitirán billetes ou bonos correspondentes ó transporte urbano do lugar no que se realicen os estudos.

Non se admitirán billetes ou bonos deteriorados, ilexibles ou nos que non conste a data de emisión. Así mesmo tampouco se admitirán billetes correspondentes a festivos ou vacacións segundo o calendario académico.



Procederá o reintegro das cantidades percibidas e a esixencia do interese de demora, desde o momento do pago da subvención nos casos e de conformidade co establecido no artigo 37 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Os alumnos beneficiarios desta axuda obríganse a facilitar tanta información lles sexa requirida pola Intervención deste Concello e, en particular, a obriga de asumir os extremos regulados no artigo 14 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

13º. RECURSOS.

Contra a resolución de concesión das axudas poderase interpor no prazo dun mes, contado a partir do seguinte á notificación da resolución, recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que ditou a resolución ou ben interpor directamente ante a Xurisdición Contenciosa-Administrativa recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da notificación da resolución, sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que estime procedente.

14º. RÉXIME XURÍDICO.

De conformidade coa disposición adicional quinta da Lei Xeral de Subvencións, o réxime xurídico será conforme, no que resulte aplicable, á Lei 38/2003 de 17 de novembro Xeral de Subvencións, Real Decreto 887/2006 de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións e demais normas concordantes.



**AXUDAS Ó TRANSPORTE DO ALUMNADO UNIVERSITARIO E DE CICLOS DE FORMACIÓN DO CONCELLO DE
MONFORTE DE LEMOS CORRESPONDENTES Ó CURSO ACADÉMICO 2023/2024.**

ANEXO I (SOLICITUDE)

SOLICITUDE DE AXUDA Ó TRANSPORTE DO ALUMNADO UNIVERSITARIO E DE CICLOS DE FORMACIÓN DESTE MUNICIPIO CORRESPONDENTES Ó CURSO ACADÉMICO 2023/2024.

D. _____ con domicilio a efectos de notificacións, na rúa _____
e DNI _____, teléfono _____

No caso de que o alumno sexa menor deberán indicarse tamén os seguintes datos referidos ó pai, nai, titor ou persoa encargada da súa garda e custodia: D. _____ con domicilio a efectos de notificacións, na rúa _____
e DNI _____, teléfono _____

EXPÓN:

Que tendo coñecemento da convocatoria de axudas ao transporte público para os alumnos universitarios, así como os do alumnado de ciclos medio e superior de Formación Profesional e bacharelato que teñan que desprazarse fóra do Concello de Monforte de Lemos, por non existir oferta formativa do ciclo ou bacharelato elixido neste municipio, durante o curso 2023/2024.

Que reunindo as condicións da convocatoria me teño que desprazar a _____ xa que curso estudos de _____

Que tendo coñecemento de que para percibir estas axudas os beneficiarios deberán presentar no Concello de Monforte de Lemos ordenados por data (días e meses), os billetes ou bonos do medio de transporte utilizado, así como a documentación específica contemplada no punto 5 das bases.

SOLICITA:

Que tendo en conta que o custe estimado dos desprazamentos ascende a _____, solicito a concesión dunha axuda ó transporte segundo os baremos determinados nas bases da convocatoria, para o cal acompaña a seguinte documentación:

- Fotocopia do DNI do solicitante e do alumno no caso de que este sexa menor de idade
- Libro de Familia no caso de solicitarse a axuda para un menor de idade
- Fotocopia de matrícula universitaria, matrícula do ciclo de formación ou bacharelato para o curso 2023/2024
- Fotocopia da condición de discapacitado dos membros da unidade familiar, recoñecidos pola administración competente, de selo caso.
- Certificado de Convivencia
- Fotocopia da declaración da renda correspondente ao exercicio 2022 dos membros da unidade familiar que estivesen obrigados a iso, ou na súa falta, certificación negativa de non realizar dita declaración expedida pola Delegación de Facenda.
- No caso de que existise situación de desemprego, certificación de alta como desempregado expedida polo organismo competente e se se estivese recibindo unha pensión en calquera das súas modalidades (xubilación, viuvez, invalidez, etc.), certificación expedida pola Tesourería da Seguridade Social.
- Declaración xurada do solicitante de que se atopa ao corrente nas obrigacións tributarias e da Seguridade Social (Anexo II).
- Declaración de outras axudas (Anexo II).
- Certificado dos datos bancarios do beneficiario/a (expedido pola entidade bancaria).

DATOS DA UNIDADE FAMILIAR:

N.I.F.	APELIDOS E NOME	PARENTESCO (pai/nai/irmán)	DATA NACEMENTO



CONCELLO DE
**MONFORTE
DE LEMOS**

Monforte de Lemos, _____ de _____ de 202__

Asdo.: _____



AXUDAS Ó TRANSPORTE DO ALUMNADO UNIVERSITARIO E DE CICLOS DE FORMACIÓN DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CORRESPONDENTES Ó CURSO ACADÉMICO 2023/2024.

ANEXO II (SOLICITUDE)

SOLICITUDE DE AXUDA Ó TRANSPORTE DO ALUMNADO UNIVERSITARIO E DE CICLOS DE FORMACIÓN DESTE MUNICIPIO CORRESPONDENTES Ó CURSO ACADÉMICO 2023/2024.

DECLARACIÓN XURADA

D. _____ con domicilio a efectos de notificacións, na rúa _____
e DNI _____, teléfono _____

No caso de que o alumno sexa menor deberán indicarse tamén os seguintes datos referidos ó pai, nai, titor ou persoa encargada da súa garda e custodia:

D. _____ con domicilio a efectos de notificacións, na rúa _____
e DNI _____, teléfono _____

DECLARO BAIXO A MIÑA RESPONSABILIDADE:

1.- Que solicite a axuda para transporte público que convoca o Concello de Monforte de Lemos e que:

- Non percibo axuda de transporte universitario, ciclo de formación ou bacharelato de ningún organismo público ou privado.
- Si percibo axuda de transporte universitario, ciclo de formación ou bacharelato (de ser o caso deberá indicar o importe), IMPORTE:
- Que o total das axudas percibidas e solicitadas non supera o 100% dos custes de desprazamento.

2.- Que non teño débedas fiscais nin sociais pendentes coa Seguridade Social nin coa Administración Autonómica, nin me atopo en ningún dos supostos que impiden obtela condición de beneficiario de subvencións por parte das Administracións Públicas recollidos no artigo 13 da Lei 38/2003, Xeral de Subvencións.

3.- Que coñezo e acepto na súa totalidade as Bases desta convocatoria para a que solicito a axuda.

Monforte de Lemos, _____ de _____ de 202__

Asdo.: _____



AXUDAS Ó TRANSPORTE DO ALUMNADO UNIVERSITARIO E DE CICLOS DE FORMACIÓN DO CONCELLO DE MONFORTE DE LEMOS CORRESPONDENTES Ó CURSO ACADÉMICO 2023/2024.

ANEXO III (A presentar coa xustificación)

XUSTIFICACIÓN DE CUSTOS DE AXUDA Ó TRANSPORTE DO ALUMNADO UNIVERSITARIO E DE CICLOS DE FORMACIÓN DESTE MUNICIPIO CORRESPONDENTES Ó CURSO ACADÉMICO 2023/2024.

DECLARACIÓN XURADA

D. _____ con domicilio a efectos de notificacións, na rúa _____
e DNI _____, teléfono _____

No caso de que o alumno sexa menor deberán indicarse tamén os seguintes datos referidos ó pai, nai, titor ou persoa encargada da súa garda e custodia:

D. _____ con domicilio a efectos de notificacións, na rúa _____
e DNI _____, teléfono _____

EXPON:

Que me foi concedida unha axuda por importe de _____ ó transporte publico para os alumnos universitarios, así como os do alumnado de ciclos medio e superior de Formación Profesional e bacharelato que teñan que desprazarse fóra do Concello de Monforte de Lemos, por non existir oferta formativa do ciclo ou bacharelato elixido neste municipio, para o curso 2023/2024, segundo a convocatoria realizada polo Concello de Monforte de Lemos.

Que tendo coñecemento de que para percibir estas axudas os beneficiarios deberán presentar no Concello de Monforte de Lemos **ordenados por data (días e meses)**, os billetes ou bonos do medio de transporte utilizados correspondentes a cada período.

Xúntanse billetes de _____ a _____, xúntanse tamén billetes correspondentes a outros recorridos debido a _____

_____.

Presento a documentación solicitada xunto con este anexo a efectos de proceder a xustificar o importe concedido, para o período de _____ a _____

Monforte de Lemos, _____ de _____ de 202_

Asdo.